

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 8 de setembro de 2016, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO SEXTO.- ADXUDICACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO DE OBRAS REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CLUBE DE PIRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE, OBRA INCLUIDA NO POS 2015.-

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 14 de xullo de 2016, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento aberto que se segue para a contratación das obras de **“Reparación das instalacións do clube de piragüismo Ribeiras do Tambre”**, incluída no **POS 2015**.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, así como os demais licitadores.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de **“Reparación das instalacións do clube de piragüismo Ribeiras do Tambre”** á empresa Ceta contratas, SL, con CIF B-70342746 e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de trinta e un mil seiscientos setenta e un euros con setenta e nove céntimos (31.671,79.- Euros), sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de seis mil seiscientos cincuenta e un euros con oito céntimos (6.651,08.- €).

C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 3 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra "Reparación das instalacións do clube de piragüismo Ribeiras do Tambre" á arquitecta técnica Vanessa Figueiras Ventoso.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 13 de setembro de 2016, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria